



CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLIES

2ª CATEGORIA 2018

FEDERACIÓN GALLEGA DE AUTOMOVILISMO



REGULAMENTO PARTICULAR

PROBA: **XII** RALLIE DE REGULARIDADE

MOUCHO DO CONDADO

PROVINCIA: PONTEVEDRA

DATA: 24 DE NOVEMBRO 2018



REGULAMENTO PARTICULAR

XII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO

Organiza **Escudería Surco**

1. Programa.

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR
15/10/18	10:00	Apertura de inscricións	ESCUDERÍA SURCO Rúa Marques de Viana,14 36450 Salvaterra de Miño  679044031 -  602242643 escuderiasurco@hotmail.com www.escuderiasurco.org
16/11/18	20:00	Peche de inscricións	
22/11/18	20:00	Publicación lista de inscritos	
24/11/18	12:30 a 15:00	Verificacións administrativas	 AREA DE SERVICIO QUINTANS A CAÑIZA
	13:00 a 16:00	Verificacións Técnicas "Entrega equipos GPS"	
	13:30 a 16:30	Entrada o parque pechado	CONCELLO DE A CAÑIZA
	16:45	Lista de vehículos autorizados a tomar a saída	
	17:15	Saída 1º Participante a 1ª Sección	
	19:20	Chegada 1º Participante fin da 1ª Sección	RECINTO AMURALLADO SALVATERRA DE MIÑO
	19:50	Saída 1º Participante a 2ª Sección	
	21:10	Chegada 1º Participante fin da 2ª Sección, Fin do Rallie	RESTAURANTE CASTELO VILASOBROSO – PONTEAREAS
	23:45	Publicación Resultados	
23:55	Entrega de premios		

Nota: Unha vez rebasado o control horario de entrada ó parque pechado non se poderá saír ata a súa hora de saída do rallie.



2.- Organización.

Artigo 1.- Organización.

1.1.- Definición:

A Escudería Surco organiza o XII Rallie de Regularidade Moucho do Condado que se desenrolará o día 24 de Novembro do 2018.

Este rallie de Regularidade disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campeonatos e Copas de Galicia 2017, ás prescricións comúns para rallies de regularidade e o presente regulamento particular da proba.

Este regulamento foi aprobado pola Federación Galega de Automovilismo o día ___/10/2018. A Proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automovilismo número _____.

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Escudería Surco

Rúa Marqués de Viana, 14
36450 Salvaterra de Miño - Pontevedra

📞 679044031 - 📞 602242643

escuderiasurco@hotmail.com



1.2.- Oficiais:

Presidente Escudería:

D. Manuel Carballo Logo

DC-1818-GA

Director de Carreira:

D. Alvaro Fernández González

CD1ª-1043-GA

Xefe de Seguridade Vial:

D. Marcos Fontán Ojea

DC1ª-1822-GA

3. Modalidades Xeráis.

Artigo 2. Puntuabilidade.

O XII Rallie de Regularidade Moucho do Condado e puntuable para o Campionato Galego de Rallies de 2ª categoría, (só para pilotos e acompañantes con licencia expedida pola F.G.A.)

Artigo 3. Descrición.

O XII Rallie de Regularidade Moucho do Condado consiste nun percorrido de 128,02 km., dos cales 102,70 kms. corresponden a treitos cronometrados de regularidade, por estradas asfaltadas abertas o tráfico, estando dividido nunha etapa e dúas seccións.

No Libro de Ruta constan detallados o percorrido, etapas e seccións así como as neutralizacións e parques pechados.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

Serán admitidos todos os vehículos que cumpran as normativas vixentes para a súa circulación polas vías públicas. Antes do inicio da proba, a Organización efectuará un control administrativo dos vehículos, nos que se esixirá permiso de Circulación, ITV e Seguro Obligatorio, todos en vigor, e as medidas de seguridade obrigatorias (chaleco e triángulos), así como do permiso de condución do piloto (sendo obrigatorio a súa presentación nas verificacións administrativas de todos os documentos mencionados anteriormente). Só os participantes no rallie de 2ª categoría da F.G.A., se comprobarán as licencias.

(Sera obrigatorio unha copia do recibo do seguro que se podrá enviar por correo a escuderiasurco@hotmail.com ou por WhatsApp o 679044031).



Artigo 5.- Solicitud de inscricións

5.1.- Toda persoa que dexese participar no XII Rallie de Regularidade Moucho do Condado deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaria do Rallie por e-mail e abonar os dereitos de inscrición **antes das 20:00 do Venres 16 de Novembro do 2018.**

Os datos relativos ó acompañante poden ser completados ata as verificacións administrativas.

5.2.- O número de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

5.3.- Os dereitos de inscricións poderán ser satisfeitos na secretaría da proba ou na entidade bancaria:

ABANCA ES 2080 5608 42 3040000190
Antes das 20:00 do Venres 18 de Novembro do 2018.

Artigo 6.- Dereitos de Inscrición-Seguros.

6.1.- Os dereitos de inscricións fíxanse en:

- Equipo con Socio: 80 €
- Equipo sen Socio: 90 €

Os Equipos constarán dun conductor e un acompañante, estando prohibido o transporte de calquer outra persoa. Considerase como socio que calquer dos dous membros do equipo sexa socio da Escudería Surco.

6.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición.

6.3.- Os dereitos de inscrición comprenden o seguro de responsabilidade a través da F.G.A. coa Compañía AIG EUROPE.

6.4.- Os dereitos de inscrición inclúen

- Cea para os dous membros do equipo
- Dorsais para poñer no coche e un libro de ruta para realizar o percorrido.
- Praca de Verificado, sendo obrigatorio colocala nun lugar visible na parte dereita do vehículo.
- Equipo completo de GPS para controlar os tempos por satélite.

4.- Desenrolo da proba.

Artigo 7.- Hora oficial do Rallie.

Durante o transcurso do Rallie, a hora oficial será a emitida polo reloxo solar da F.G.A.

Artigo 8.- Penalizacións.

O percorrido será secreto ata saída da proba, momento no que se entregará o libro de ruta, e estando terminantemente prohibido calquera tipo de recoñecemento do percorrido só pena de exclusión.

Dito percorrido deberá ser cuberto na súa totalidade, nos tempos determinados pola organización e cunha velocidade media sempre inferior a 50 kms/hora.

Ó seu paso polas poboacións, os equipos deben respetar absolutamente a Lei de Circulación, baixo pena de exclusión inmediata.



Os controis secretos non estarán nunca situados:

- nos 1 kms. seguintes á saída dunha población.
- nos 1 Kms. seguintes a un STOP
- antes dos 150 metros dun cruce con STOP
- nos 1 kms. seguintes á saída do treito de regularidade
- nos 500 metros seguintes á un cambio de media

Isto e para permitir que os equipos recuperen a media respetando en todo momento a Lei de Circulación.

O intervalo entre cada equipo será de 1 minuto.

Os controis realizaranse por GPS pola empresa Anube, tomarán os tempos o segundo, sendo as penalizacións dun punto por cada segundo de diferenza coa hora teórica de paso (tanto por adianto como por retraso).

Un equipo que tarde mais de 10 minutos ou que non pase por un control secreto poderá seguir en carreira, cunha penalización máxima de 600 puntos por cada control secreto omitido.

Os vehículos preparados para participar en probas de regularidade clásicas (Vehículos clásicos anteriores o ano 1992), con aparatos de medida distintos dos orixinais, (admítense os equipos de medida que teñen montados), pero terán unha penalización en función do tipo de aparato e por cada un dos controis, os cales serán:

- Sin aparato externo (só cos propios do vehículo).
Cero puntos de penalización por control.
- Con aparato electromecánicos ou mecánicos (retrotip I e II).
Só se admite 1 por vehículo
1 punto de penalización por control.
- Con aparatos dixitais.
So se admiten dous por vehículo.
De bicicleta ou similares con visor ou pantalla pequena.
2 puntos de penalización por control.
Terratrip ou similares con visor ou pantalla grande.
3 puntos de penalización por control.

Artigo 9.- Cronometraxe.

Dado que para o cronometraxe da proba necesítase incorporar un aparello especial no vehículo, será responsabilidade do participante que, una vez comece o rallye, este funcione correctamente. A cronometraxe será realizado co sistema de ANUBE. En caso de fallo do aparello de localización ou que este non transmita correctamente aplicarase este artículo: "En caso de mal funcionamento do localizador ou que este non transmita correctamente acharase a media de todos os controis do participante ata o momento en que deixou de emitir e aplicarase esta media ao resto dos controis ata fin do rallye".

ADVERTENCIA: Non se admiten nos vehículos: Computadores portátiles, PDAs ou similar, teléfonos móbiles con especificacións de Smartphone usados en fins relacionados co evento, iPad, GPS, Blunik, Terratrip 404, táboas electrónicas nin pirámides, nin pantallas adicionais aos medidores establecidos.

A organización resérvase o dereito para revisar o vehículo, sen previo aviso, en calquera momento do Rallye.



Artigo 10.- Clasificación final.

Será gañador quen posúa, previo computo final, menos penalizacións acumuladas o paso polos diferentes controis secretos. No eido de existir algún empate, tomaráse como primeira referencia o vehículo que teña máis ceros nos controis, e de persistir o empate o que teña menos penalizacións no primeiro e así sucesivamente.

Artigo 11.- Premios.

Os Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

- Os tres primeiros clasificados da Xeral Scratch.
- Primeiro equipo inscrito no campeonato de rallies de 2ª categoría da F.G.A. (con licencias ambos membros).
- Primeiro equipo clasificado con vehículo anterior ano 1992.
- Primeiro equipo clasificado Masculino.
- Primeiro equipo clasificado Femenino.
- Primeiro equipo clasificado Mixto (home e Muller).
- Primeiro equipo clasificado de Escudería Surco
- III Trofeo memorial Jose Manuel Pino "Miguel" o primeiro equipo clasificado con un vehículo marca Seat anterior ano 1992.

Don Manuel Carballo Logo, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC-1818-GA, solicito a aprobación do presente Regulamento Particular da Proba á Federación Galega de Automobilismo.

En Salvaterra de Miño, a ____ de Outubro de 2018

Entidade: Escudería Surco



Asdo. (Presidente)

G-36.395.788

D. Manuel Carballo Logo
C.I.F.: 76914803-C



Rúa Marqués de Viana, 14 - 36450 Salvaterra de Miño - Pontevedra

Telf.:  679 044 031 - Télf.:  602 242 643

Web: www.rallyesurdocondado.org e-mail: escuderiasurco@hotmail.com

